

ACTA NUMERO DEZASETE CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 5 DE DECEMBRO DE 2000.

-----oOo-----

No Salón de Butacas do Teatro Principal, sendo as once horas e dez minutos do día cinco de decembro de dous mil reúnese, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, o Pleno da Corporación do Concello de Pontevedra baixo a presidencia do Sr. Alcalde **D. Miguel Anxo Fernández Lores**, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros **D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo**, **D. Raimundo González Carballo**, **D. Xosé Luis Bará Torres**, **D^a María Salomé Álvarez Blanco**, **D. Miguel Anxo Vázquez Plaza**, **D^a María dos Anxos Riveiro Portela**, **D^a María Carmen da Silva Méndez**, **D. Xosé Luis Veiga Lage**, **D. Juan Luis Pedrosa Fernández**, **D^a María Josefa Manzanares Perela**, **D. Francisco Arturo Pichel Márquez**, **D. Gerardo Zugasti Enrique**, **D. Enrique de la Peña Vieitez**, **D. José Manuel Fernández Rodríguez**, **D. Juan Enrique Magdalena Chan**, **D. Celestino Lores Rosal**, **D^a Sonia Rey Barros**, **D. Roberto Jesús Taboada Rivadulla**, **D^a María Teresa Casal García**, **D. Luciano Eusebio Santiago Esperón**, **D. Guillermo Antonio Meijón Couselo** y **D^a María Dolores Elvira de Ozámiz Lestón**, non asistindo **D. Manuel Abeledo López**, estando presente a Sra. Viceinterventora, **D^a María Herculina Domínguez Martín**, actuando como Secretario **D. Julio Dapena Outomuro**, que dá fe do acto.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión e desculpa a ausencia de don Manuel Abeledo López, quen non puido asistir ó Pleno por motivos persoais.

ORDE DO DÍA

1.- ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL "PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS": APROBACIÓN DO EXPEDIENTE N^o 1/2000 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS MEDIANTE SUPLEMENTOS NO ORZAMENTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO LOCAL.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Patrimonio á aprobación do expediente n^o 1/2000 de modificación de créditos do orzamento do Organismo Autónomo Local "Pazo de Congresos e Exposicións" para o ano 2000 mediante suplementos de créditos.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don Celestino Lores Rosal, indicando que vai facer unha reflexión e unha crítica a esta modificación como xa o fixeron na reunión do Consello do Organismo Autónomo. Dicir que hoxe traen aquí unha modificación para incrementar unhas partidas e o seu grupo municipal entende que se debe coñecer onde se meten estes cartos, e fala concretamente dos gastos telefónicos que se habían presupostado 2 millóns de pesetas contra 700.000 pesetas presupostadas no ano

1999, naquel momento cando foi o debate dos presupostos do organismo autónomo xa denunciaron que lles pareceu excesivo e hoxe o incrementan en outro millón de pesetas máis e parécelles que 3 millóns de pesetas de gastos telefónicos no Pazo da Cultura é unha cifra excesivamente elevada; en canto ós gastos de enerxía eléctrica, tamén pásanse en 4,5 millóns ós que entenden que lle hai que engadir 8.400.000 que xa estaban presupostados polo tanto van para preto de 13 millóns de pesetas os gastos de enerxía eléctrica e tamén lles parece unha cifra elevada; en canto ó combustible e carburantes tamén ás 1.865.000 pesetas presupostado hai que lle engadir 1.300.000 pesetas co que pasa dos 3 millóns de pesetas. Ó grupo municipal do Partido Popular lle parece unha mala xestión e por contra en mantemento e reparación do Pazo, que cre que se trata de temas que hai que arranxar, xa naquel momento dicían que eran poucos cartos os que se presupostaban e efectivamente hoxe tamén ven unha modificación cun aumento de 400.000 pesetas e todo para que a actividade cultural sexa practicamente a mesma, realmente parécelles excesivo o gasto que se está a facer en combustible, teléfonos, etc., contra o que se está a gastar no que realmente debe se-lo Pazo da Cultura que son as actividades culturais; rematar facendo unha reflexión, vendo hoxe a cantidade de xente que hai no Pleno, se realmente merece a pena face-las sesións no Teatro Principal e dicirlle ó Partido Socialista que estaban esperando resultados que despois de ano e medio se está a ver que os resultados son os que se ven.

A continuación intervén don Xosé Luis Bará Torres, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, manifestando que o expediente de suplemento de crédito é o primeiro e único que se fai no organismo autónomo no ano 2000, que é un procedemento normal de reaxuste das partidas polo desenvolvemento da programación e que se deriva fundamentalmente do incremento da actividade cultural, congresual e feiral do Pazo da Cultura e de todo o complexo que depende do Organismo Autónomo, polo tanto cre que o que é evidente non se debe explicar e nada máis.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo coas súas motivacións, nos termos seguintes:

Examinado o expediente número 1/2000 de modificación de créditos dentro do orzamento do organismo autónomo local Pazo de Congressos e Exposicións para 2000 mediante suplementos de créditos.

Resultan acreditados os seguintes FEITOS:

1º.- Que no expediente consta a proposta do Sr. Vicepresidente do organismo autónomo local e o informe do Sr. Interventor emitido en sentido favorable á proposta de modificación de créditos por importe total de OITO MILLÓNS CINCOCENTAS OITENTA MIL PESETAS (8.580.000).

2º.- Que o Consello de Goberno do organismo autónomo local Pazo de Congressos e Exposicións, na sesión que tivo lugar o

día 4 de decembro de 2000 prestou aprobación á modificación de créditos proposta, propoñendo ó Pleno da Corporación a súa aprobación.

3º.- Que a Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, por maioría, dictaminou favorablemente o expediente tramitado, propoñendo ó Pleno da Corporación a súa aprobación.

Considerando que de conformidade co sinalado no artigo 158 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e artigo 37 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, corresponde ó Pleno da Corporación a atribución para aproba-lo expediente de modificación de créditos dentro do orzamento do citado organismo autónomo local.

O Pleno da Corporación, por maioría, co voto favorable de catorce Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego e os 5 presentes do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación ó expediente nº 1/2000 de modificación de créditos dentro do orzamento do organismo autónomo local Pazo de Congressos e Exposicións para o ano 2000, polo que se suplementan créditos por importe total de OITO MILLÓNS CINCOCENTAS OITENTA MIL PESETAS (8.580.000), financiándose 4.386.233 pesetas con baixas por anulación no estado de gastos do orzamento de 2000 e 4.193.767 pesetas co remanente líquido de Tesourería procedente da liquidación do orzamento de 1999, dispoñendo que o expediente e o acordo de aprobación do expediente sexan sometidos a información pública polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobada a modificación de créditos de non se presentar reclamacións durante o mencionado prazo.

2.- ORZAMENTO XERAL ÚNICO DO CONCELLO: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE Nº 17/2000 (CEXT-SUP) DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NO ORZAMENTO XERAL ÚNICO DO CONCELLO MEDIANTE CONCESIÓN DE CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS.

Dáse conta do dictame, favorable por maioría, da Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio ó expediente nº 17/2000 de modificación de créditos no Orzamento xeral do Concello para o ano 2000, mediante concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

Aberto o debate intervén, en representación do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Raimundo González Carballo, dicindo que esta modificación de crédito vai destinada fundamentalmente ó capítulo de investimentos na contía de 114.846.000 pesetas, 15.400.000 para gastos correntes e 1.000.000 de pesetas para o capítulo 4 do orzamento, saíndo, como xa consta na acta da Comisión, 81.285.000 pesetas de remanentes de Tesourería, 30.200.000 do capítulo I e 19.669.000 do capítulo VI dos orzamentos de anos anteriores, e van destinadas fundamentalmente ó capítulo de investimentos na rúa San-

ta Ana, Escola Taller, Mercado Central, PERI de Estrivela e Ponte Sampaio e beirarrúas, iso é en síntese o que se trae ó Pleno.

En representación do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, interven don Roberto Taboada Ribadulla sinalando que esta modificación de créditos por importe de 131 millóns de pesetas es la segunda en un período muy corto de tiempo ya que hace poco se aprobó una por importe de 80 millones de pesetas para cuestiones como la avenida de Montecelo o para infraestructuras deportivas, pero curiosamente había también modificaciones para gastos de representación de órganos de gobierno y de funcionamiento de actividades culturales, cuestiones que se incluyen también en esta modificación y lo que le preocupa es que se incluya una especie de cóctel y no sabe si es que se está poniendo ahora de moda esa política de las propuestas-cóctel, sobre todo después de haber tenido esa propuesta de indultos-cóctel donde se mezclan unos con otros y al final se hace un cóctel de indultos, pues aquí, evidentemente salvando las distancias, hay una serie de cuestiones que vienen mezcladas en donde el grupo municipal socialista no tendría ningún problema en aprobarlas, de hecho con la gran mayoría estaría absolutamente de acuerdo en sacarlas adelante pero meten dos especie de guindas "Gómez de Liaño" como pueden ser el Mercado Central y el Plan de Beirarrúas, dos cuestiones en las que claramente no están de acuerdo, desde luego no habría ningún problema en todas las partidas que se incluyen como la pavimentación de la calle Santa Ana, los PERI de Estrivela, los productos farmacéuticos a los centros de drogodependencia, incluso el tema de Monte Porreiro con su marquesina, en todas estas cuestiones aunque algunas podrían ser más o menos discutibles, pero insiste que hay dos por las que el grupo municipal socialista no va a apoyar esta modificación y son el tema del Mercado Central que se pretende una modificación de crédito valorada en 32 millones de pesetas por cuestiones de diferencias de apeo y su grupo aprobó sin ningún problema, en el Pleno de la Corporación de 30 de noviembre de 1999, ese expediente de contratación para la construcción del aparcamiento subterráneo en el subsuelo del Mercado, con cierta problemática porque fue un esfuerzo que hizo el grupo municipal Socialista pues a pesar de tener claro que era bueno hacer el aparcamiento subterráneo había ciertas dudas de tipo técnico sobre la viabilidad de la obra, pero en aquel momento se les decía que no había tales problemas que incluso había abaratamiento de costes porque la cimentación probablemente se abarataría al construir el aparcamiento debajo y había una serie de cuestiones que les hacían entender que el problema se iba a solventar de una forma positiva y su sorpresa fue cuando pocos meses después de apoyar en el Pleno ese tema viene ese proyecto de reformado básico para la ejecución del Mercado de Abastos y a partir de ese proyecto es cuando se comienzan a sentir engañados por el desfase económico que sufría el Mercado con respecto a las previsiones que había, un desfase tan abultado como

que al final se elevaba la cuantía a 655 millones de pesetas lo que suponía un incremento de 280 millones de pesetas cuando se había adjudicado en 374 millones, dejando a parte el mercado provisional y las demoliciones ascendían a 35 millones de pesetas a lo que había que adicionar el 17% de los gastos generales, el 6% del beneficio industrial además del 16% de IVA, una cuestión en la que su grupo se sentía vinculado y que les pareció un engaño y en todo caso un desfase económico absolutamente sorprendente y que probablemente les habría hecho recapacitar si lo hubieran sabido con anterioridad, pero en todo caso la situación del Mercado al día de hoy sigue sin resolverse, no se sabe cual es el final, siguen pensando que hay que apoyar y que hay que solucionar el Mercado, que es bueno rehabilitarlo y también el aparcamiento subterráneo, pero lo que no ven es el final del túnel del tema del mercado, han adelantado en el último Pleno la aprobación de ese desfase del mercado provisional y ahora viene esta otra modificación y no se sabe que va a venir dentro de unos meses, el problema es que no se ve el final y no saben de donde pueden salir esos 300 millones que faltan, no saben cual será la cuenta final si va a ascender a los 800 millones, si pasará de los 700, por lo tanto creen que en el tema del mercado no se puede ir goteo por goteo permanentemente, el pasado Pleno el mercado provisional y ahora un suplemento por una diferencia de apeo de 32 millones de pesetas, no se sabe el final, por lo tanto cree que sería importante saber como se puede solucionar e insiste que es un problema que viene viciado de origen, de una adjudicación que su grupo creyó que no era la corriente y piensan que habrá que intentar llegar a acuerdos para buscar una solución, porque en este momento no están dispuestos a seguir con un goteo sin saber el final del túnel, sin saber cómo se van a resolver los problemas y al final les parece un desfase abusivo e injustificado. El otro aspecto que su grupo critica, o por lo menos en el que no están de acuerdo en la suplementación de crédito, son los 19.469.000 pesetas del plan de aceras y no es sólo por la cuantía en sí sino por el aspecto global; recordará el Sr. Mosquera que, cuando se aprobó el POL en el Pleno, el grupo municipal socialista tuvo una actitud responsable y generosa, tenía un planteamiento bien distinto para el POL y al final se llegó a un acuerdo con el grupo de gobierno que aparcó el proyecto que tenía de la Herrería y su grupo ha aparcado algunos otros proyectos que tenía porque había premura de tiempo para tener listos algunos, entre los que estaban la remodelación de dos plazas o el tema de las márgenes del Lérez y el señor Mosquera dijo claramente que su compromiso era que esos temas se llevarían adelante y se harían los proyectos incluso con remanentes y, a día de hoy, la noticia es que hace unos días que van a hacer no sabe que historias en el Lérez con 20 millones, cuestión que desconocen y sobre la que no fueron consultados; el grupo de gobierno se ha pulido todos los remanentes que había en el plan de aceras, en el tema del POL, es decir han agotado todo el plan de aceras y en estos

momentos no sólo la aportación que tiene que hacer el Ayuntamiento en el tema del POL sino que han adelantado toda la aportación de la Unión Europea porque quieren hacer las obras ya y su planteamiento es hacerlas ahora, por ejemplo dice el Alcalde en una noticia de prensa que si se va a hacer lo de la Glorieta de Compostela hacia la calle Sagasta por qué no hacerlo de Fray Juan de Navarrete, efectivamente se puede hacer, pero no hicieron lo de Fernández Villaverde cuando hicieron lo de Curros Enríquez, porque no se podía hacer, hay cosas que se pueden hacer y otras que no; el problema es que en estos momentos hay cerca de 196 millones de pesetas por no decir 200 ya comprometidos y la pregunta que hace es ¿qué pasa si no se aprueba el POL y no llega el dinero de la Unión Europea?, pues que ya está todo ese dinero metido ahí, y se pregunta también si no se podían haber hecho algunos otros proyectos con algunos remanentes sin haber adelantado toda la aportación de la Unión Europea, ¿no se podían haber hecho algunos proyectos de remanente que el grupo municipal socialista le había planteado con el tema del POL y que dijo que se podían hacer?, se podían haber hecho algunos proyectos, todo se tiene que concentrar en el plan de aceras, en el tema del POL ahora y ya, no hay necesidades en la calle Ramón Peña, en la calle Palamios, en la calle Alfonso X que están reclamando los de la ONCE, problemas para arreglos en la calle del Gorgullón o en la calle Alféreces Provisionales o en San Antoniño, es decir ¿no hay más cosas que ese plan de aceras?, y la pregunta también es que si al final viene el dinero del POL y la Unión Europea manda todo ese dinero, ¿qué se va a hacer con el dinero cuando venga?, y ¿cómo lo van a administrar?. Hasta la fecha el Ayuntamiento, además del 30 % de la aportación, ha adelantado el 100 % prácticamente de la Unión Europea, es decir han incluido todo ese paquete y lo han gastado absolutamente todo en esa cuestión y al grupo municipal socialista le parece que no habiéndose cumplido una serie de compromisos que tenía el grupo de gobierno en el tema del POL no puede apoyar este asunto y en todo caso esos 19 millones de pesetas no pasaría absolutamente nada si no se invirtieran ahora y quedarán para después. En definitiva y como supone que habrá alguna intervención posterior porque esto probablemente no termina aquí, decirles que salvo que cambien las partidas en estos dos puntos, como hay que aprobarlo todo en su conjunto, le adelanta que el grupo municipal socialista no va a apoyar esta modificación de créditos.

A continuación intervén, en representación do grupo municipal do Partido Popular, don Juan Enrique Magdalena Chan manifestando que el portavoz del grupo municipal socialista ha puesto el dedo en la llaga y que comparten muchísimas de las cuestiones que aquí ha expuesto pero discrepan profundamente en una concretamente, el proyecto de mercado que ha dicho que estaba viciado de origen, y discrepan porque en base a los técnicos municipales y al apoyo del Bloque Nacionalista Galego se ha sacado este punto adelante, esta es su discrepancia y por lo demás comparten muchas de las cosas que ha expuesto. El

tema del mercado es la punta del iceberg, era la panacea y se está convirtiendo en el pan de Cea que es riquísimo, y acerca de esto se puede decir que aquel proyecto vetusto del año 88-89 que algunos iluminados técnicos habían confeccionado no dio resultado, alguien levantó la bandera y dijo "ahí está el mercado" y el mercado lo tienen con las obras prácticamente paradas, ¿en cuanto va a salir el mercado y cuanto va a costar la hora de aparcamiento?. Opina que no se han estudiado bien las cosas, como acostumbra a decir su portavoz no han hecho bien los deberes, porque llevados por alguna asociación se han encargado de panfletar a los ciudadanos de la zona monumental y ya ven cuantas personas están hoy aquí del mercado y de la zona monumental. El grupo municipal socialista ya empieza a ser consciente de todo lo que puede ocurrir, pero es que en el fondo también el equipo de gobierno puede estar incurriendo en una presunta malversación de fondos públicos, pues era un contrato firmado, hecho proyecto y obra, y el grupo de gobierno por el artículo 33 lo ha modificado como ha querido y estas son las consecuencias y no van a entrar en otras disquisiciones en que si los técnicos dicen, como decía el Sr. González Carballo en la última Comisión, que si el técnico dice tal y, con toda claridad, los técnicos siempre están a favor de quien gobierna porque en los informes que hacen siempre dejan ver fundamentos, no fundamentos, disquisiciones, etc., y al final no se puede pero se puede, y no olviden que en política todo es posible, y se está haciendo política; el grupo municipal del Partido Popular no se metió en el aparcamiento, lo cual no quiere decir que esté en contra, porque tenía su alternativa que era el aparcamiento de superficie donde está hoy el mercado con una pasarela cubierta, un aparcamiento en superficie de 200 plazas sin acoplar lo que es la fábrica de bloques, a 150 metros del mercado, vigilado, con una hora gratis y lo demás de pago y no hubiera ocurrido nada, esta era su alternativa y no habría todos estos follones; el tema de la marquesina llama un poco la atención pero no van a entrar, una marquesina de 4,5 millones parece un coste elevado; en cuanto a la energía eléctrica 5 millones más en el presupuesto es que algo está fallando o es que se consume mucha corriente o Fenosa factura demasiado y otras pequeñas cosas que su grupo no las ve correctamente y además por principios y sobre todo votando en contra del presupuesto debían votar en contra también, pero van a ser un poquito más elegantes porque hoy le podrían haber fastidiado ese acuerdo pero no quieren y van a ratificar el voto de la Comisión.

Seguidamente intervén o Sr. González Carballo diciendo que indirectamente se presentaron interpelaciones sobre temas de carácter urbanístico e de obras polo que o Concelleiro responsable de urbanismo, se o considera oportuno, intervirá a continuación; con relación á modificación de créditos decir que hai que facer o acondicionamento dun espacio para Escola-Taller porque o actual non vale e cre que non foi adxudicado por este equipo de gobierno aínda que leve as culpas ata da

adxudicación do mercado, que tamén participou o BNG e votou favorablemente, pero non foi o seu grupo de goberno o que trouxo a proposta a este pleno, senón que xa veu con anterioridade; van incluídas cuestións como o PERI de Estrivela que se considerou por parte do técnico que firma o informe que non era suficiente a cantidade consignada e que fan falta 11 millóns de pesetas máis; o da marquesiña non é prefabricada senón que é unir dous espazos para o que hai que botar unha placa polo que o custo será en función dos metros cadrados; en canto ó custo da enerxía eléctrica, o grupo de goberno abordou un plan de redución de custo enerxético nas instalacións de iluminación pública e realmente se aforra pouco porque se puxeron moitos máis puntos de luz, entón inevitablemente o incremento de iluminación pública levou implícito a estabilización da factura, se non se puxeran máis probablemente se estaría a aforrar bastante; dicir que nesta modificación de crédito vai algo que incluso foi unha petición do anterior grupo de goberno para o PAN, que era a urbanización da rúa Santa Ana, é dicir o desta rúa xa leva dadas moitas voltas e cre que tamén hai unanimidade por parte dos grupos políticos na súa inclusión, entón nesta operación de crédito hai case unanimidade, outra cousa é que haxa aspectos puntuais que os demais grupos políticos non comparten pero nada máis que iso; con relación ó tema do mercado evidentemente o grupo de goberno comparte as preocupacións, non podía ser doutra maneira e a consignación que vai no expediente é como consecuencia dunha serie de acordos plenarios, non é porque ó grupo de goberno se lle ocorra incluíla porque así fai unha maquillaxe económica, en absoluto, hai un acordo plenario que hai que cumprir e leva implícito o derribo ou apeo da integridade do mercado entón existe a obriga de cumprirlos acordos plenarios; en canto o tema do POL o que di o grupo municipal socialista é en parte certo pero lle pode dicir que o 50% do orzamento do POL queda sen adxudicar, ó examinalo importe das sete obras se ve perfectamente que practicamente un 50% queda por adxudicar, son avenida de Vigo 63 millóns de pesetas e iluminación pública 132 millóns de pesetas, é dicir isto fai practicamente 200 millóns e o custo total do POL son 400 millóns de pesetas, é así, os números cantan e outra cousa é que se destinen a unhas obras completas e se compartan ou non; tamén lamenta-la desafortunada intervención de don Enrique Magdalena porque esa atribución ós técnicos, de que os técnicos escriben ó dictado do grupo de goberno, quere dicir que ó anterior grupo de goberno lle escribían ó dictado e é poñer en tela de xuízo o honor e a profesionalidade dun técnico deste Concello e lle rogaría matizara ou ben retirara esas palabras porque non sería lexítimo para os técnicos do Concello que constara así en acta; en canto ós problemas que xera facer aparcamento ou cubrir, como quería o Sr. Acuña, cunha placa o río para convertelo en aparcamento lle parece un pouco besta, e quere insistir que, neste expediente de suplemento con respecto ó tema do mercado, se trata de dar cumprimento a un acordo plenario e face-la dotación

económica suficiente.

Intervén seguidamente o Sr. Mosquera Lorenzo indicando que aínda que non existe o costume de intervir dous por grupo como se lle aludiu, se lles parece ben e non hai problema ningún, fai unha intervención na que procurará se-lo máis breve posible; se está a centrar todo en dous aspectos que o portavoz, neste punto, do grupo de goberno xa ten aclarado e hai toda outra serie de asuntos incluídos na modificación que teñen tamén a súa importancia, pero xa que se puxeron sobre o tapete estes dous aspectos vaise a referir a eles, con respecto ó do mercado aquí todo o mundo ten e tivo sempre moitas solucións, pero a realidade é que se foron dando toda unha serie de pasos practicamente todos en execución de acordos plenarios ou se non de vontades expresadas en comisións informativas ou mesas de contratación e agora estase nesta situación, alternativas hai moitísimas e incluso ten escoitado neste pleno que o estacionamento estaba moi mal facelo aí porque había unha alternativa moito mellor e con moitos menos problemas que era facelo na mazá cultural xa prevista da Deputación, hoxe escoita que a alternativa era o estacionamento enfronte cunha pasarela e outro día se escoitará calquera outra versión; con respecto á obra do mercado en si, tamén había a teoría de que o mellor era non meterse a fondo no mercado simplemente facerlle un arranxo que permitira tirar e que creaba moitos menos problemas e era moito máis barato, incluso que se podía trasladar, se teñen escoitado cantidade de versións, tódalas que se queiran, a realidade é que hai unha obra adxudicada que todo o mundo era consciente de que ía ter enormes problemas para financeiramente poderse abordar con eses cartos, é moi fácil para calquera que entenda un mínimo de construción, trescentos e pico millóns para 6.000 metros cadrados ou para a superficie de mercado leva a un custo por metro cadrado imposible de conseguir de ningunha maneira e a situación é a que é, e cre que hai un debate neste Pleno terxiversado, no senso de que se está a falar dunha globalidade, que faltan moitos pasos por dar, que hai un proxecto reformado que ten un exceso de custo que se non se abordou ata agora é precisamente para ver que alternativa se lle pode dar e non pechar nun Pleno algo que non estea suficientemente claro, polo menos suficientemente maduro e se está a entrar nunha discusión sobre a globalidade do asunto do mercado cando o único que ven na modificación de crédito é algo automático porque xa está tomada a decisión de facer o estacionamento e iso leva automaticamente ó derribo do mercado, a técnica avanza que é unha barbaridade pero facer un estacionamento debaixo sen quita-las paredes ata aí aínda non chega e se chega sería infinitamente máis caro, polo tanto cre que razoablemente calquera entende que a decisión de construí-lo estacionamento leva aparellada a decisión de quita-las paredes e iso non estaba contemplado e é un custo que hai que pagar e o outro debate leva a unha situación sen saída, en todo caso o que se podería discutir é se é máis caro ou máis barato, pero unhas decisións levan a outras e polo tanto cre que

é mellor cinxirse ó que hai e se ofrece a ter un debate en comisión ou mesmo en Pleno sobre a situación do mercado e a perspectiva de futuro, porque lle parece fóra de lugar colalo dentro dunha modificación de crédito onde van moitas máis partidas e non vai votar ningunha luz senón todo o contrario; con respecto ó do POL hai unha cuestión que presentaron os compañeiros do PSOE e leva unha cuestión de fondo dos distintos ritmos e enfoques que hai, que son reais, con respecto ó que é a execución do orzamento e o rigor orzamentario e con respecto ó que é a execución das obras concretas e a idea que ten o grupo de goberno, dentro das posibilidades, é acometer obras que teñan os proxectos suficientemente avanzados, que estean suficientemente elaborados, suficientemente traballados, busca-la consignación e facelos, evidentemente podían ter deixado esta obra do POL para outro fin e podían meter outros proxectos e iso levaría, para facelo cun mínimo de seriedade, uns cantos meses co cal o ritmo de execución do orzamento non sería serio; recorda que nos proxectos do POL se empezou a traballar practicamente hai un ano, están moi avanzados, están aprobados e nun estado de elaboración moi elevado, entón por iso se tomou esa decisión, para non facer obras dunha maneira apresurada e que despois se teña que volver atrás, cando se pode facer dunha maneira metódica e dunha maneira medianamente seria, exemplos hai en tódalas administracións e mesmo nesta en que os trámites dos proxectos non están suficientemente elaborados e que ó final se complican moitísimo polas presas que levan a malas solucións e a moitísimos problemas na execución; con respecto ó futuro cre que hai algo claro, se este grupo de goberno tivera a intención de gastar tódolos cartos que hai no orzamento ó seu libre albedrío, sen contar con ningún, evidentemente agora metería outras obras e os cartos se deixarían para o POL porque xa están aprobados en Pleno, pois eses cartos o grupo de goberno ten a capacidade de dicir para tal pista, ou para tal outra ou para tal pavimentación, e o pode facer e cando veñan os cartos do POL adxudícanse estas porque están acordadas en Pleno, non hai ningún mal ánimo todo o contrario o único que hai é que o proxecto estea o suficientemente maduro para traelo aquí porque, por exemplo, Ramón Peña está pendente de expropiación e Alfonso X el Sabio está pendente de que se cumpra o trámite e outras igual, sacar un relatorio de necesidades é fácil pero dependen en que estado estean porque se non se poden poñer aquí centos e centos de millóns do orzamento deste ano, do pasado ou do que ven parados durante anos, sen embargo así cando veñan os cartos do POL haberá remanentes e xa se verá a que se dedican, espera ter proxectos suficientemente elaborados e maduros para cando cheguen e poder executalos con relativa rapidez e se non se elaborarán nese momento, pero eses remanentes quedan abertos e haberá que discutir para onde van, se houbera intención de dicir que os cartos que están no orzamento os executa o grupo de goberno sen consultar con ningún sucedería o contrario e o dedicarían a outras obras e deixarían pendente esa, é exacta-

mente o revés; con respecto a esos compromisos pois están aí e cre que aquí mesmo van os PERI, que era unha proposta do PSOE cre que asumida por todo o mundo, se suplementan para que se poidan contrata-los dous xuntos e incluso enredando a maquinaria administrativa cando estaba dirixida en outro sentido porque non había esa consignación e o do Lérez foi consultado e falado, é dicir existen 20 millóns e posiblemente van intentar meter outros 25 millóns que hai no orzamento, e os outros proxectos dos que se pode falar, esas prazas e demais, vai a haber cartos para facelos pero están sen face-los proxectos e cando estean feitos os executarán e cre que hai certa suposición dunha intención do grupo de goberno que é xusto a contrario e os feitos o demostran.

Volve a intervir o Sr. Taboada Ribadulla indicando que no es cierto que haya para el derribo y el desmontaje de la plaza, no hay acuerdo plenario, por lo tanto que no se digan cosas que no son correctas y si sigue abundando en ese tema puede llegar más allá para demostrar que no hay acuerdo plenario, por lo tanto no se digan cosas que no son; con respecto al plan de aceras se dice que hay unos compromisos con el tema de los PERI, con el tema del plan del proyecto del Lérez, del que se comentó que había seguramente que arreglar las márgenes con esos 20 millones y están esperando porque non han visto nunca el proyecto, ahora se enteran de que además de esos 20 millones va a haber 25 millones de pesetas más, no tienen ni idea del tema y en todo caso les parecería lógico que, antes de que estuviera más maduro, no se hubiera anunciado públicamente como se anunció, y al grupo municipal socialista sinceramente eso no le parece bien, que diga públicamente que va a gastar 20 millones con el plan director del Lérez cuando sabe que al final todo el mundo vende las mismas motos, porque lo de Santa Ana todo el mundo quiere Santa Ana y lo del plan director del Lérez todo el mundo plan director del Lérez, todo el mundo tiene la misma moto, lo que pasa es que sólo unos se quieren subir en la Harley Davinson o sea que al final uno solo a hacer la carrera y algunos tendrán que compartir la moto y le adelanta que su grupo municipal no va a dar ningún aval, ningún visto bueno más a ningún tema que no esté perfectamente claro, ni hablado, ni dicho y en el tema del mercado les anuncia que salvo que, recogiendo ese guante, hablen del tema, incluso toda la corporación si hace falta, en la búsqueda de una salida y de una alternativa y vean claramente como se va a arreglar el problema, no van a dar ni un apoyo más; con respecto al tema del POL entiende que el grupo de gobierno quiera llevar a cabo todo ese proyecto de aceras, que además en esa moto también esta el grupo municipal socialista, es su plan de aceras, como a veces dicen por ahí, porque al final eso va imprimiendo carácter, al final eso queda como la imagen del segundo plan de aceras del BNG y efectivamente lo es pero gracias al apoyo del PSOE, y para vender esa moto y para estar en esa moto también quieren que haya otras cosas como es el sidecar de al lado, es decir hay que ponerle un sidecar a esa mo-

to, como otras obras que el grupo municipal socialista también quiere y ahí es donde quiere el tema de otras plazas, el plan director del Lérez, los compromisos que hay del plan de humanización y lo curioso es que en año y medio hay muchos proyectos de los servicios técnicos que impulsa el BNG con el apoyo del PSOE, pero productos del PSOE no hay ninguno y siempre hay problemas porque el arquitecto está enfermo, está de baja o no sabe no contesta, pero para los otros si hay arquitecto, si hay lo que sea, pues en año y medio no ven más que este PERI que plantean aquí y esta es la realidad para su grupo, cada uno tiene su versión subjetiva de la realidad pero palmariamente todo el mundo lo visualiza, el grupo de gobierno lo verá de otra forma pero es así; decirle al Sr. González Carballo, que como siempre es especialista en ingeniería contable, porque al final se va a convertir en un técnico y en un especialista, es verdad que falta el 50% del POL pero es que meten el alumbrado, pero del plan de aceras ¿qué tanto por cien ya está hecho?, salvo la avenida de Vigo todo, por lo tanto cuando le dice que hay 200 millones comprometidos es que los hay, por lo tanto del plan de aceras, y no meta el alumbrado, en lo que corresponde al POL del plan de aceras está prácticamente todo salvo la avenida de Vigo y eso es lo que quiere decirle, insiste que su grupo no va a votar a favor de esta cuestión.

A continuación intervén o Sr. Magdalena Chan manifestando que les encanta la toma de conciencia del señor portavoz del grupo municipal socialista; en cuanto al Sr. Mosquera decirle que el aparcamiento de la Diputación podría ser otra alternativa incluso conjuntamente con el aparcamiento de superficie del que antes se habló aquí y desde luego parece que le está viendo las orejas al lobo porque ahora ya no impulsa directamente las cosas, simplemente está dispuesto a debatir el tema del mercado y eso cree que es muy positivo por su parte y así se lo reconocen, y les extraña que hable tanto de globalidad y los ideales de su partido y la forma de operar no tienen parangón en ninguna parte, le extraña muchísimo que emplee continuamente esta palabra de globalización cuando están totalmente opuestos a ella, y al Sr. González Carballo decirle que no tiene nada que rectificar, si ratificar y lo que ha dicho está grabado y además que habla para inteligentes y no para listillos porque cuando no tiene defensa para salir de las cosas echa mano de los Cerros de Úbeda y su osadía y su procacidad le convierten en un auténtico manipulador y tergiversador de palabras, aquí nadie magnifica nada, aquí se está hablando del mercado y de las consecuencias del aparcamiento del mercado, nada más, deje de manipular y de mezclar a personas en el medio.

O Sr. González Carballo indica que se sigue a insistir no tema do mercado e son 30 millóns de pesetas con relación a 131 millóns de pesetas, cualitativa e cuantitativamente se ve que non é o único elemento, e de tódalas maneiras só unha aclaración porque falou do 50% do POL e non do tema de espacios públicos urbanos, falaba de todo o conxunto e cre que xa queda

claro, o que non sabe é se é listiño ou intelixente, non lle quedou clara a cuestión, e non deixa de ser lamentable que faga unha acusación dese calibre contra os técnicos municipais formando parte como formou do grupo de goberno ata hai ano e medio.

O Sr. Magdalena Chan dice que el Sr. González Carballo se está revolviendo seguido y que si ha metido la pata cuando vea el acta rectificará públicamente pero no tergiverse ni manipule las cosas que en eso es un artista, es un verdadero maestro, ya le dijo un día que era el comendador de los aparcamientos y tiene que decirle que a ver si va a ser ahora el comendador de Malta también.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación, por maioría, prestou a súa aprobación ó proxecto de acordo, nos termos seguintes:

Examinado o expediente número 17/2000 de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para o ano 2000 por concesión de créditos extraordinario e suplemento de crédito, resultan acreditados os seguintes

FEITOS:

1º.- No expediente que se tramita consta a Memoria-proposta do Sr. Tte. de Alcalde Delegado da Área de xeración e xestión de recursos relativa a necesidade e urxencia de proceder a tramitación e aprobación do expediente de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello para o ano 2000, mediante crédito extraordinario e suplemento de crédito por importe total de CIENTO TRINTA E UN MILLÓNS DUASCENTAS SETENTA E TRES MIL NOVECIENTAS SESENTA E UNHA PESETAS (131.273.961).

2º.- Consta no expediente o informe de Intervención emitido en sentido favorable á proposta de modificación de créditos.

3º.- Que a Comisión Informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, por maioría, dictaminou favorablemente o expediente tramitado, propoñendo ó Pleno da Corporación a súa aprobación.

Tendo en conta que de conformidade co sinalado no artigo 158 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais e artigo 37 do Real Decreto 500/90, do 20 de abril, corresponde ó Pleno da Corporación a atribución para aproba-lo expediente de modificación de créditos dentro do Orzamento xeral do Concello de Pontevedra.

O Pleno da Corporación, por maioría simple, co voto favorable de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego), co voto en contra de cinco Concelleiros (os 5 do grupo municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) e coa abstención de nove Concelleiros (os 9 presentes do grupo municipal do Partido Popular) e de conformidade co dictame da Comisión informativa Permanente de Economía, Facenda e Patrimonio, acorda prestar aprobación ó expediente nº 17/2000 de modificación de créditos dentro do Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para o ano 2000, po-

lo que se modifican créditos por importe total de 131.273.961 pesetas correspondendo 32.566.147 a crédito extraordinario e 98.707.814 a suplemento de crédito, dispoñendo que o expediente e o acordo de aprobación do expediente sexan sometidos a información pública polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobada a modificación de créditos de non presentarse reclamacións durante o mencionado prazo.

E non sendo outro o obxecto desta sesión ordinaria, polo señor Alcalde remátase a sesión ás doce horas e cinco minutos, de todo o que eu, Secretario, dou fe.

Visto e prace.
O PRESIDENTE,

O SECRETARIO XERAL,

Fdo. Miguel Anxo Fernández Lores. Fdo. Julio Dapena Outomuro.